

Carta ás familias sobre o novo acceso ao centro.

Grazas familias.

E por extensión, por favor trasladádelle o agradecemento de parte de todo o persoal do centro as vosas fillas e fillos, pola paciencia que teñen, sempre atentas e atentos ao que lles indicamos e cun sorriso na boca que nunca falta. Son un exemplo!

Non deixamos de pedirvos cousas e este curso máis ca ningún, pero sempre estades aí para colaborar e axudar, e por iso esta carta de agradecemento.

Queremos tamén explicarvos un pouco, o porqué deste novo acceso ao centro.

Non é nada novo, pois a idea de deixar a entrada de autobuses exclusivamente para o transporte xa se leva xestando dende fai anos. Agora, por fin, xa é unha realidade.

O motivo non é outro que a seguridade do alumnado, tratando de evitar nenas e nenos a pé por medio de coches e autobuses con situacións de tráfico que xeneran moito risco.

Despois do traballo desenvolvido en anos anteriores, este curso executouse a obra do novo acceso, co apoio unánime do Claustro e do Consello Escolar, e coa axuda e colaboración do Concello de Teo.

Sabemos que queda pouco de curso, pero consideramos que nestes escasos dous meses antes de rematar non é mala idea empezar a usar o novo acceso, para que nos acostumemos ao seu funcionamento e ter así a oportunidade de ver os posibles problemas e as maneiras de correxilos.

É, sen dúbida, un paso moi importante para a seguridade das nosas fillas e fillos, e podedes estar seguras e seguros de que todo o persoal do centro poñeremos da nosa parte para que este cambio nas entradas e saídas funcione o mellor posible.

Así pois, grazas novamente e estamos á vosa disposición para o que precisedes.

O Equipo Directivo.

10 de maio do 2021.